



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO

APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2023/G010/000008 (Pleno).

Expte. TEDEC: 2023/G005/000001 (Xestión de Integrantes).

Mediante acordo plenario de data 12 de xullo de 2023 adoptouse a aprobación do réxime retributivo da Alcaldía do Concello da Baña, que deseguido se transcribe a efectos da súa publicación:

"5.- Aprobación, se procede, ro réxime retributivo da Alcaldía do Concello da Baña.

Visto o Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023.

Vistos os resultados electorais no Concello da Baña que implicaron a seguinte composición do Pleno da Corporación, que quedou constituída o 17 de xuño de 2023:

CANDIDATURA	NÚMERO DE VOTOS	NÚMERO DE REPRESENTANTES
PARTIDO POPULAR	1066	5
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL	1047	5
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	351	1
TOTAL	2464	11

Visto que na sesión constitutiva do Pleno do Concello da Baña celebrado o 17 de xuño de 2023 foi elixido como Alcalde don Jose Antonio Pereira Gil.

Visto o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, no cal se dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Visto que no suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.

Visto que ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Visto que os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fora da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

Visto que este artigo admite compatibilizar, por excepción, a percepción destas coa de emprego público, sempre que tal dedicación desempéñese fose da súa xornada de traballo na Administración, e sen superar en ningún caso os límites que legais establecidos. Esta condición de persoal, resulta con todo incompatible cando se trata da propia corporación, de conformidade co citado artigo 179 Lei 5/1985, do réxime electoral xeral.

Visto que o límite fixado para prestar servizos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus concelleiros nos concellos de entre 3.001 e 10.000 habitantes é de tres (3). Non existe límite, no que ao número de concelleiros se refire, para prestar servizos en réxime de dedicación parcial.

Visto que a disposición adicional 27^a da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 sinala que de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985 e considerando o disposto no artigo 21 da referida Lei 31/2022, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por tódolos conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios ós que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, será, para os concellos de entre 1.000 e 5.000 habitantes, de 46.464,02 €.

Visto que o custe económico anual da dedicación exclusiva e o seguinte (cómputo anual):

- Posto: Alcaldía
- Réxime de dedicación: exclusiva
- Retribucións totais anuais: 32.200 €
- Partida: 913.110

Visto que non se superan os límites establecidos na normativa de aplicación.

Visto que o acordo que se adopte terá que publicarse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e fixarse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial ó tratarse dun



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

acordo plenario referente a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Visto a regulación do réxime do dereito ás retribucións polo exercicio do cargo no ámbito local contida na Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, asinada en Estrasburgo, ratificada o 20 de xaneiro de 1988, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo a cal se deduce a estreita vinculación existente, como pon de manifesto o artigo 7 da Carta Europea de Autonomía Local (apartados 1 e 2) entre a liberdade no exercicio do mandato, que vén esixida para todos os representantes locais, e a correspondente e axeitada compensación financeira polos gastos causados con motivo do exercicio do seu mandato, así como, de selo caso, a dos beneficios perdidos ou unha remuneración do traballo desempeñado e a cobertura social correspondente.

Visto que da lexislación vixente se extrae a obriga de garantir o libre exercicio do mandato dos membros das Corporacións Locais, estando este ligado, ineludiblemente, á independencia na debida compensación financeira, que ha de ser axeitada aos gastos causados con motivo do seu exercicio e remuneratoria do traballo desempeñado. Deste xeito, a devandita compensación económica constitúese nunha salvagarda e garantía do dereito fundamental a participar nos asuntos públicos que corresponde a todo cidadán, recoñecido no art. 23 da Constitución española, pois que, doutra forma, estaríase a favorecer o exercicio dos cargos públicos só por persoas que, polo seu elevado status económico, non precisasen da remuneración dos servizos prestados no exercicio do cargo público.

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda o seguinte, con 6 votos a favor (PSOE e BNG), ningún voto en contra e 5 abstencións (PP):

Primeiro: Determinar que o cargo de Alcalde realice ás súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo. Establecer a favor do membro da Corporación que desenvolva o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva as retribucións que a continuación se relacionan:

- Posto: Alcaldía
- Réxime de dedicación: exclusiva
- Retribucións totais anuais: 32.200 €
- Partida: 913.110



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas; doce correspondentes ás diferentes mensuralidades do ano; e dúas correspondentes ás pagas extras de xuño e decembro.

Procederáse a darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social con efectos dende o día seguinte á aprobación do presente acordo, correspondéndolle ao Concello o pago das cotas empresariais que correspondan.

Terceiro. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.”

Na Baña, a 21 de xullo de 2023.

O Alcalde,

don Jose Antonio Pereira Gil.